



oficinas. Remitirá, así mesmo, mensualmente relación de altas e baixas ocorridas con expresión das datas que teñan lugar.

5º.—As persoas interesadas en ocupar postos por día, solicitarano ó encargado do mercado, quen sinalará o lugar e efectuará o cobro da Taxa no momento da ocupación.

DEVENGO**ARTIGO 7**

1º.—O devengo da Taxa regulada por utilización de postos fixos, nace:

- a) Concesións provisionais: No momento de solicitálas
- b) Concesións permanentes: Unha vez adjudicadas e notificadas e antes de entrar no uso e disfrute dos postos.
- c) Concesións xa autorizadas: O día primeiro de cada un dos períodos naturais de tempo sinalados na tarifa, ou no seu caso, o período que determine a Alcaldía.

2.—O pago do Taxa realizarase:

Salvo o establecido para o Colleiteiro, vendedor ocasional, o período impositivo da taxa pola utilización dos servizos municipais pola explotación dos postos de venta será trimestral.

A taxa correspondente cuxas tarifas se establecen no artigo 5 da presente ordenanza, devéngase o primeiro día do trimestre, salvo nos casos de alta ao longo do período impositivo, que se producirá no momento da citada alta. As cantidades esixibles de acordo coas tarifas serán irreducibles polo período sinalado.

ENTRADA EN VIGOR

A presente Ordenanza Fiscal, aprobada a súa redacción polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o día 27.12.2013, entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación definitiva no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.

**ORDENANZA FISCAL Nº 16 REGULADORA DA TAXA POR EXPEDICIÓN
DE DOCUMENTOS ADMINISTRATIVOS****ARTIGO 1**

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución española, e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o Concello de Cangas establece a taxa pola prestación do servizo de expedición de documentos administrativos, a que se refire o artigo 20.4.a) do citado Real decreto lexislativo que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal, e as súas normas atenden ao previsto no artigo 57 do citado Real decreto lexislativo.

ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE

Constitúe o feito imponible desta taxa a actividade municipal técnica e administrativa motivada pola tramitación, a instancia de parte, de toda clase de documentos que expida e de expedientes que entenda a Administración ou as autoridades municipais.

Para estes efectos, entenderase tramitada a instancia de parte calquera documentación administrativa que fora provocada polo particular ou redunde no seu beneficio, aínda que non tivese mediado solicitude expresa do interesado.

ARTIGO 3. SUXEITOS PASIVOS

Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades sen personalidade xurídica ás que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, que soliciten, provoquen ou que no seu interese redunde a tramitación do documento ou expediente de que se trate.

ARTIGO 4. RESPONSABILÉIS

Os supostos de responsabilidade, xa sexa subsidiaria ou solidaria, serán os previstos na normativa tributaria.

ARTIGO 5. BASE IMPOÑIBLE

Tomarase como base para a determinación do importe desta taxa os custos directos e indirectos necesarios para garantir o mantemento e desenvolvemento razoable do servizo de expedición de documentos administrativos.

ARTIGO 6. COTA TRIBUTARIA

A taxa esixirase de acordo co seguinte cadro de tarifas:

	<i>EUROS</i>
6.1. Certificacións de libros de actas de sesións	
6.1.1.—Por cada certificación expedida polo Secretario Municipal relativa a actas cuxa data se concrete na correspondente instancia.	5,10
6.1.2.—Se non se concretase data pero sí a referencia ao derradeiro quinquenio, incrementarase en	2,91
6.1.3.—Por cada quinquenio anterior ao derradeiro incrementarase en	7,28
6.2. Outras certificacións	
6.2.1.—Por cada certificación expedida polo Secretario Municipal relativa a documentos cuxa data se concrete na instancia e estea referida ao derradeiro quinquenio ou certificados de estar ao corrente nas correspondentes obrigas tributarias	5,10
6.2.2.—Cando se concrete a data e estea comprendida no tempo anterior ao derradeiro quinquenio, incrementarase por cada quinquenio atrasado	2,91
6.2.3.—Se non se concretase data pero sí a referencia ao derradeiro quinquenio, incrementarase en	2,91
6.2.4.—Por cada quinquenio anterior ao derradeiro incrementarase en	7,28
6.2.5.—Certificacións de información sesgada do Padrón de habitantes en función da idade, sexo ou outras circunstancias.	66,34
6.2.6.—Certificados de empadramento	3,25
6.2.7.—Certificacións doutros documentos non comprendidos anteriormente	10,35
6.2.8.—Certificacións de existencia de expedientes de disciplina urbanística ou sancionadores	152,25
6.3. Documentos urbanísticos	
6.3.1.—Por declaración de ruína en núcleo urbano.	1.537,09
6.3.2.—Por declaración de ruína en núcleo rural	1.017,34
6.3.3.—Polo mero recoñecemento do estado dunha finca ou das condicións de seguridade de elementos de construción civil en fincas particulares (muros de cerramento, de contención, postes)	152,61
6.3.4.—Recoñecemento de condicións de seguridade de naves e galpóns de menos de 50 m2	20,80
6.3.5.—Recoñecemento de condicións de seguridade de naves de mais de 50 m2	254,34
6.3.6.—Recoñecemento de condicións de seguridade de vivendas unifamiliares.	508,68
6.3.7.—Recoñecemento de condicións de seguridade de edificacións de vivendas, usos colectivos e outros.	152,61
6.3.8.—Por consultas e informes urbanísticos, por cada finca catastral, así como cada informe previo a unha autorización autonómica necesaria conforme á lexislación do solo.	102,29
6.3.9.—Por cada solicitude de expropiación forzosa en favor de particulares	
Ata 10 hectáreas	0,03 €/m2
exceso de 10 hectáreas en diante	0,02 €/m2
6.3.10.—No caso de que os terreos afectados pola expropiación estean edificadas ou cultivadas multiplicarase o resultado da aplicación das tarifas anteriores polo factor 1,40. Satisfarase unha cota mínima de 576,33€, no caso de que a que resulte da liquidación practicada de acordo cos apartados anteriores sexa inferior á citada cifra.	
6.4. Productos cartográficos	
<i>VOO FOTOGRAFOMETRICO</i>	
<i>FOTOGRAMAS EN PAPEL</i>	
6.4.1.—Fotograma 23 X 23 cm	8,85
6.4.2.—Ampliación 50 X 50 cm.	33,17
6.4.3.—Ampliación 1 x 1 m.	82,95

FOTOGRAMA DIXITAL EN CD

6.4.4.—Escala 1/3000, 1/8000 o 1/15000. 22,11

FOTOGRAMETRÍA DIXITAL

6.4.5.—Ortofotografía TIF, a escala 1/5000 papel ou CD. 27,65

6.4.6.—Ortofotografía papel a escala 1/1000, papel ou CD. 44,23

6.4.7.—Ortofotografía de máis de 6 follas, cada 6 sen escala. 116,12

CARTOGRAFÍA DIXITAL

6.4.8.—Folla calquera escala, CD. 5,53

6.4.9.—Folla calquera escala, papel. 5,53

6.4.10.—Colección completa de 1/500, papel ou CD. 105,15

6.4.11.—Colección completa de 1/1000, papel ou CD. 337,28

6.4.12.—Colección completa de 1/2000, papel ou CD. 204,58

6.4.13.—Colección completa de 1/5000, papel ou CD. 105,05

6.4.14.—Ortofotomapa a calquera escala. 1,11

6.4.15.—Formatos diferentes a dwg, por folla. 1,11

6.5. Formalización de contratos administrativos

6.5.1.—Proposicións para tomar parte en subastas, concursos, etc. 7,28

6.5.2.—Os que versen sobre materia non valuable. 7,28

6.5.3.—Contratos suministro auga. 0,73

6.5.4.—Contratos execución e obras. 36,40

6.6. Outros documentos

6.6.1.—Por cada dilixencia de verificación da suficiencia de poderes que teña que producir efectos nas oficinas municipais. 7,28

6.6.2.—As copias de planos existentes na oficina de obras, ademais da factura. 2,00

6.6.3.—Dilixencia de compulsión de todo tipo de documentos (por cada folla incluída as dúas caras). 1,02

6.6.4.—Fotocopias (cada folio, DIN A4). 0,18

6.6.5.—Informe da Policía local sobre accidente de tráfico. 65,07

6.6.6.—Informe do servizo de Protección Civil. 65,07

6.6.7.—Outros informes emitidos polo persoal técnico municipal. 65,07

ARTIGO 6 BIS EXENCIONS

Dentro das tarifas establecidas nesta taxa no apartado 6.6.3 “Dilixencia de compulsión de todo tipo de documentos” estará exento todo suxeito pasivo que acredite atoparse en situación de desemprego.

ARTIGO 7. PERÍODO IMPOSITIVO E DEVENGO

1. A taxa devengase cando se presente a solicitude que inicie a tramitación dos documentos ou expedientes suxeitos ao tributo.

2. Nos casos aos que se refire o parágrafo núm. 2 do artigo 1, o dereito á percepción prodúcese cando teñan lugar as circunstancias que provoquen a actuación municipal de oficio ou cando se inicie esta sen previa solicitude do interesado pero redunde no seu beneficio.

ARTIGO 8.—NORMAS DE XESTIÓN

1. A taxa esixírase en réxime de autoliquidación, e, normalmente, polo procedemento de duplicado da autoliquidación cobrada adxunto no escrito de solicitude de tramitación do documento ou expediente, ou nestes mesmos se aquel escrito non existise, ou a solicitude non fose expresa.

2. O prazo de pago en período voluntario das autoliquidacións será de cinco días naturais, sen prexuízo do disposto no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente modificación da Ordenanza, aprobada inicialmente polo Pleno da Corporación na súa sesión do día 31.10.2013, aprobouse definitivamente polo Pleno na súa sesión do día 27.12.2013, e, unha vez publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia, entrará en vigor ao día seguinte, producindo efectos ata a súa modificación ou derogación expresa.